

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 16-01-2023, ditou a resolución con número 86/2023 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

**Aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial (6 horas/día) mediante un contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dun/dunha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de mobles e elementos de carpintería", correspondente ao plan formativo para o emprego da comunidade autónoma (persoas traballadoras desempregadas) para os exercicios 2022/2023.**

Por Resolución de Alcaldía núm. 3848/2022 de 19/12/2022, aprobáronse as bases para a selección de persoal docente mediante o sistema de concurso oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".

Na mesma resolución convocábase o proceso de selección de persoal citado nesas bases e ordenaba a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal).

A convocatoria publicouse no BOP da Coruña núm. 242 de 23/12/2022.

O prazo de presentación de solicitudes foi de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Por Resolución de Alcaldía núm. 51/2023 de 11/01/2023, publicouse a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as para a selección dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de subsanacións e de conformidade co establecido nas Bases reguladoras da convocatoria, en uso das competencias legalmente atribuídas,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as (**Anexo I**) e excluídos/as (**Anexo II**) no proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición, para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".

**Segundo.-** Designar o tribunal cualificador previsto na Base quinta da convocatoria que estará composto polos seguintes membros:

#### **Presidente:**

- **Titular:** D. **Miguel Piñeiro Souto**, secretario do concello de Carballo.
- Suplente:** D<sup>a</sup>. **Susana Mariño Lorenzo**, técnica de administración xeral do concello de Carballo.

#### **Vogais:**

- **Titular 1º:** D. **Juan José Lorenzo Pose**, servizo de formación e emprego do concello de Carballo.
- Suplente 1º:** D<sup>a</sup>. **Rosa María Sánchez Martínez**, Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Vimianzo
- **Titular 2º:** D<sup>a</sup>. **Ana Carmen Jiménez Mosquera**, axente desenvolvemento local o concello de Laracha.
- Suplente 2º:** D **Francisco Javier Fraga Piñeiro**, xefe de servizo de habilitación e recadación.
- **Titular 3º:** D. **Jesús Gende Gerpe**, aparellador do concello de Carballo.
- Suplente 3º:** D. **José Facal Fariña**, servizo proxectos e obras, OTM do concello de Carballo

**Secretaria/o:**

- Titular: D. **Vitor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.  
Suplente: D<sup>a</sup>. **M<sup>a</sup> Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Terceiro.-** De acordo coa base 5.4 da convocatoria, nomear como asesora do tribunal que actuará con voz e sen voto, a D<sup>a</sup>. **Milagros Antelo Cameán**, técnica de orientación laboral do concello de Carballo.

**Cuarto.-** Convocar a todos os membros da comisión da avaliación para a constitución do tribunal e realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **martes 17/01/2023 as 09:30 h.** na Sala de Xuntas do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración do **primeiro exercicio da fase de oposición** que terá lugar o **martes 17/01/2023 as 11:00 horas** no Salón de Plenos do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

**Quinto.-** Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, e con carácter complementario na páxina web municipal [www.carballo.org](http://www.carballo.org).

**ANEXO I: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".**

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	DNI
1	PUENTE GARCIA	JESUS	202300000000065	***5622**

**ANEXO II: Listaxe definitiva de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".**

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	DNI	CAUSAS EXCLUSION
1	RAMA CAPELET	EVA PATRICIA	202200000007734	***3341**	(1)

**Causas de exclusión:**

- (1) Segundo a Base Segunda (*Requisitos dos/das aspirantes*), **apartado 2.2.- Capacidade profesional**, para tomar parte no proceso selectivo os/as aspirantes deberán estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan **máis dous anos de experiencia profesional**.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000022  
Exp. 2023/G003/000086

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto